



CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DA ÁREA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente: 80/142

De: Responsable superior contable e Orzamentación
A: Dirección de Ingresos (Dona María Jesús Magdalena)
Asunto: Orzamento 2024, estado de INGRESOS
Expediente: 80/142

Coa data da sinatura do 27/06/2023, o Sr. Alcalde Presidente, resolveu sobre o inicio do expediente de formación do Orzamento do ano 2024. Con data posterior, o Sr. Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda Resolución da Alcaldía de 20 de xuño de 2023 (BOPPO nº 123 de 27 de xuño), ditou as directrices de formación do Proxecto de Orzamentos/2024.

Aos efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 168.1.e) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, deberase achegar cuantificación do recursos que conforman os capítulos 1, 2, 3 e 5, así como calquera información que se teña sobre o resto dos capítulos.

En relación cos impostos cedidos pola Administración do Estado, dos capítulos 1 e 2, así como o Fondo Complementario de Financiamento e a Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma e as prestacións asociadas á Lei de Dependencia, está cuantificado xa no borrador das previsións que se están formando.

Así mesmo, en cumprimento do previsto no artigo 168.1.g), unha vez pechada a estrutura de ingresos, tendo en conta as subvencións, se solicitará a emisión do informe de ingresos e bases utilizadas para xustificar as previsións contidas no devandito estado.

En Vigo a data da sinatura electrónica

O Responsable superior contable e orzamentario: Luís García Álvarez
O CONCELLEIRO DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA: Jaime Aneiros Pereira
Resolución da Alcaldía de 20 de xuño de 2023 (BOPPO nº 123 de 27 de xuño)

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2023 08:34	Páxina 1 de 1
80-142	CSV: ACA329-EC2E83-253H84-1ERAMB-XC2NU7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		